

ARRECENDE A ROMEU FRESCO

ALBERT

Ouviu ao lonxe o son da bucina do tren. Alí chegaba o derradeiro do día que, deseñando curvas, unía aquelas aldeas tan próximas no espazo e tan lonxanas no tempo.

Chegara a aquela terra había moito. Fillo de emigrados a Barcelona alí vivira de novo, alternando cada verán longas tempadas na casa de seus avós. Boa lembranza gardaba daqueles veráns na aldea. Calor, moita calor. E aínda conservaba na memoria aquel olor tan particular do romeu fresco ao caír da tarde, alí, no alpendre situado detrás da casa. Detíñase sempre a ulilo antes de seguir o seu camiño cara algunha das múltiples trastadas que podería traerse entre mans. Uhm, aquel olor do romeu fresco...

Coa mocidade, as súas visitas á aldea acurtáranse en tempo pero non por iso en frecuencia; todos os veráns pasaba uns días no lugar, primeiro el só e despois co seu fillo Xan. Así verán tras verán ata que, xubilado, puido regresar de xeito definitivo á terra que o viu vir ao mundo, á terra do olor ao romeu fresco no solpor da tarde.

Agora na aldea ficaban máis ben poucos veciños. Vellos, certamente. Cada vez máis, a xente nova fora marchando na procura de traballo e a aldea, baleira, quedara case despoboada; os campos antes cultivados, eran agora silveirais salvaxes; as casas de pedra noutra época solemnes, eran agora cascallos entre os que atopar ferralla e madeira apodrecida. O gando, noutrora común nas cortes, era hoxe en día máis estrano e escaso. Ficaban tan só uns cantos vellos que, non se sabe moi ben se por orgullo ou por amor e apego ao seu, continuaban a facerlle a figa á morte resistíndose ao ritmo cómodo e urbano das cidades.

E ben, Albert decidira voltar á súa terra, sabemos ben porqué. O olor a romeu era a entrada no paraíso da súa nenez e daqueles veráns mozos nos que percorría as vilas de festa en festa para bailar e divertirse coas outras mozas das aldeas cercanas. Sempre o tivera claro, o ritmo daquela urbe catalá non era o sitio no que desexaba morrer. Aquel lugar déralle de comer pero nunca sentiu súa aquela vila; realmente nunca se acostumara á súa lonxitude e amplitude. E

tampouco se forzou a facelo. Sabía que, dalgunha maneira, sempre o agardaba o olor das tardes, o verde da vexetación e a pedra grisallenta do seu pobo.

Alí volveu refacer a súa vida trala morte da súa muller aínda en Barcelona. Lembrábaa na cama daquel hospital, entubada, sen poder sacar da cabeza o ruído daquel respirador... e nunca se puido perdoar non ter sido quen de satisfacer o desexo de Luísa, morrer sen dor... Aquel son perseguíao acotío polas rúas de Barcelona e só conseguía acougalo cando fuxía ao seu reduto da aldea. Alí, perto do romeu rodeado de montes voltaba ser el, o vello Albert cinguido á soidade da vida. Curiosamente, era ao se deitar na cama cando a saudade máis o asolagaba. Pór o pixama, recostarse, taparse coas sabas frías e con algo de humidade era todo un ritual diario que traía á memoria as lembranzas dun pasado aínda fresco... e xa no leito, estirado, notaba quecer a cama coa calor do seu propio corpo. Nese intre sentía placidez sen máis e a saudade da man amiga, e ao final, aínda cando pouco importaba a súa vista cansa, nin os seus ósos vellos, nin a súa torpeza e lentitude, non podía deixar de pensar nos anos mozos sen evocar á xuventude.

Pois si, Albert vivía só. Recibía a visita de seu fillo Xan unha vez ao ano, e no nadal, aínda que non de moi boa gana, accedía a pasar as festas en familia alá na Barcelona cosmopolita e urbana. Así podía ver medrar aos seus netos, Noa e Breixo, os fillos de Xan, e pasar con eles uns días aproveitando que, agora xa grandes, paraban un chisco pola casa.

O certo é que de sermos sinceros, Albert vivía rodeado dos seus animais. Unha burra vella e torpona pero á que quería ben; quizais pola complicidade desenvolvida ao ver cómo a vida é quen de deixar a pegada da vellez en cada un de nós. A ollada limpa da burra Cobiza, vidrosa e transparente, semellaba facerse entender. As cuncas escuras arredor dos seus ollos telúricos devolvían unha ollada tenra a todo aquel quen de ollarse neles. Albert tiña tamén un cadelo; un palleiro hábil e espilido, fiel e leal compañeiro de carreiros e camiños. Sempre ledo e algareiro a mover a súa cola e lanzar ladridos ao aire ao albiscar a chegada de calquera dalgún dos poucos veciños que ficaban. As ovellas e algunhas galiñas eran tamén outra da compañía de

Albert quen entretiña o día entre a leira e os bechos, subindo e baixando o val no que estaba situada a súa aldea até ouvir a bucina do tren da tardiña, entón, daquela, sabía que era a hora de se ir recoller á calor do fogar para agardar o romper do novo día.

BREIXO

Nacera na Barcelona urbana de comezos dos oitenta. E vivira, dende cativo, en ambientes cargados de compromiso político. O seu pai, Xan, fillo dun galego emigrado a Barcelona, era membro dalgunha organización sindical da época. E a miúdo, Breixo lembraba as xuntanzas que facían na súa casa, infinitamente eternas dende a súa ollada cativa. Recordaba como, as máis das veces, remataba deitado nalgún sofá a durmir, tapado cunha mantiña a carón da súa irmá Noa.

Voltando a Breixo; estudara ciencias políticas e medrara coma un mozo de bo ver; alto e forte, de ollada espilida e leda. Sempre comprometido, participaba activamente en calquera tipo de movemento que puidese respostar ao sistema imperante. Convencido de que o mundo non era xusto e de que se podía mudar, Breixo fixérase unha persoa loitadora e implicada, herdando de seu avó o valor, a forteza e a integridade.

Ás veces, Breixo sentía a necesidade de coñecer as súas raíces e pensaba, entón, na posibilidade de voltar á terra; aquela na que vivía seu avó e da que gardaba algunha lembranza das tempadas de verán alí. Había un olor ao que tiña asociada as súas estadias na aldea, xunto ao seu avó; o do romeu situado detrás da casa. Curiosamente, para Breixo, aquel cheiro extrapolábao a un fermoso mundo cargado de sorpresas, cheo de novas cousas que de cativo ollaba con inocencia e abraio. Toda aquela variedade de prantas e animais que poboaban os arredores da casa do avó eran, para el, un mundo ben diferente e alleo ao da súa Barcelona natal. Os ourizos das castañas despertaran sempre a súa curiosidade; aquela boliña de pinchos coa que sempre remataba por mancarse non deixaba de asombralo cando, co paso do tempo, acababa por secar e escachaba para deixar ao aire a fermosura daquelas castañas ben abondosas e sabedoras. Pero o Breixo era máis ben unha persoa de cidade, amante da urbe,

do movemento, da xente e tamén da vida nocturna; e sabía que aquilo de afondar nas raíces era só o desexo de saber de onde vés e de coñecer a túa historia para, dalgunha maneira tamén, saber a onde vas. Ao contrario de seu avó, para Breixo, o seu lugar estaba naquela vila natal grande, espaciosa; esa que resultaba tan lonxitudinal e ampla para o Albert.

NOA

Quixo o fado que Noa nacera na terra de seu avó. Nesa aldea pequena á que ían pasar uns días no verán. Non sabe ben porqué, a súa chegada ao mundo adiantouse ao prognosticado polos médicos e o primeiro olor que ulíu non foi ese cheiro aséptico dos centros hospitalarios senón o romeu de seu avó que arrecendía nunha tardiña calorosa de verán. E quizais iso, sen sabelo, marcouna.

Noa adoraba os animais e construíu co seu avó unha relación de complicidade; realmente, non sabemos qué foi antes e qué foi despois. Ou se cadra, como pasa ás veces na vida, unha cousa leva á outra. Vivira, coma o seu irmán Breixo en Barcelona; alumna brillante de bioloxía, agora cursaba os estudos de doutoramento nunha universidade norteamericana becada por algún instituto de investigación. A súa tese sobre as diferentes variedades de fentos tiña a súa raíz nas tardes que pasara onda o seu avó, a percorrer os montes e a apañar herbas para gardalas nunha caixiña de madeira primeiro, e nun albume despois.

Para Noa a aldea era ese reduto ao que desexaba voltar cando a vida doía máis da conta; de feito, as súas visitas ao avó Albert eran sempre imprevisibles. Unha tarde calquera podía aparecer por alí e botar uns días, aínda que, certo é, dende que marchara con aquela beca que tan absorvida a tiña, descoidara, contra a súa vontade, as súas aparicións incertas polo lugar.

A derradeira vez que viñera, o avó quedara preocupado; viuna chegar coa cazadora de coiro e unha bufanda arredor do colo, o pelo curtiño e delgada, moi delgada. Fora xustamente pouco tempo antes de marchar becada. Noa dubidaba moito se aceptar ou non esa bolsa de estudos; nos seus plans entraba marchar unha tempada para a aldea e facer unha investigación pola súa conta e risco, sen superiores pero, como pasa ás veces na vida, a súa titora de tese faloulle

desta oportunidade xusto nun momento no que Noa precisaba saber quen era, reatoparse, volveuse construír despois dunha relación fallida, e se ben dubidou porque sentía que aquilo era o que a chamaba, rematou por aceptar ao precisar alonxarse e tomar distancia das lembranzas que a ferían. A moza intelixente e brillante tropezaba, de volta, na mesma pedra; e sentía que a vida era unha lección difícil de entender...

Aquela tarde pasearon xuntos e falaron; Noa contoulle parte das súas dúbidas e Albert animouna a facer o novo camiño que se abría ante ela aínda cando lle tería gustado poder tela perto nestes últimos anos de vida. Animouna, aínda así a marchar, porque neste país non hai futuro, dicíalle cos ollos vidrosos e emocionados; alí agárdante novas experiencias e quen sabe, se cadra tes oportunidade de facer a túa vida...

Aquela tarde buscaron, de volta, herbas e cando xa ía marchar, o seu avó chegou cunha presada de romeu, aquel *rosmarinus officinalis* do que agora sabía o nome científico e que faltaba na súa caixiña de madeira, para que a levase nunha saquiña naquela viaxe longa e difícil que agora ía iniciar; así, cando teñas saudade disto terás onda ti un anaquiño da túa raíz, díxolle.

NOA E BREIXO

Descenderon do coche de seu pai. Fecharon as portas e sentiron o seguro automático baixarse. O can ouveaba detrás, no alpendre. A tarde estaba soleada e ía calor. Amencera algo nubrado pero, finalmente, coma pasa nos días de verán, rematara por despexar. E o sol caía agora a pleno sobre a terra castigándoa coa sequidade. Xan ía diante xunto a Anna camiñando apurados cara a porta da casa; eles preferían dar unha volta arredor da finca e ir ulir o romeu antes de entrar. Noa tiña a ollada nubrada e Breixo colleuna da man coma, cando de cativos, ían pola rúa cos seus pais sempre pendentes de non se despistar. Achegáronse ao alpendre. Noa estirou a man e arrincou unhas poucas follas. Gardounas no peto. Ulíu as mans e fechou os seus ollos deixando escapar un par de bagoas. Breixo, o rapazote comprometido e loitador,

apretou os dentes e tragou saliva. Achevou o seu nariz ao romeu fresco e aspirou, namentres, unha bagoa fuxía fazula abaixo sen podela conter.

ALBERT. (De volta)

Ergueuse canso hoxe o Albert. Levaba uns días algo fatigado, pero como non tiña perto o centro de saúde preferiu agardar e non alertar a ningún veciño. Pola mañá, como era costume, andivo coas tarefas do campo. Parolou coa Berta, a veciña da casa do lado, sobre o tempo. Xa se sabe, o tempo é sempre a desculpa para iniciar unha conversa. En calquera lugar. E é que quizais sexa un tema universal ou, se cadra, por todo o que fai mudar é, somentes unha maneira de tentar mantelo ben atado e baixo control; un engano máis para nos facer crer que podemos socavar esas cousas que na vida son complicadas de entender.

Albert estivera na leira a traballar; andivera a arrincar as malas herbas que medraban por todos lados e a sachar na terra. Incrible era a mudanza que se dera duns anos para aquí no agro; a xente marchara á procura do substento e as aldeas ían ficando baleiras de xente nova que tomara o relevo de seus maiores. Agora os campos medraban a monte salvaxemente, sen eito ningún, pensaba Albert mentres o sacho se introducía na terra seca e poirenta debuxando fendas que remataban por removela e deixando montes que semellaban pequenas ondas entre os terruños.

Non podía deixar de sentir tristura cando ollaba como cada vez eran menos os veciños que vivían onda el; a xente nova marchara e a terra quedara sen quen a poidera traballar... Lembrou aquela poetisa galega, que tan ben reflectira nun poema a realidade social da súa terra cando a xente marchaba traballar a Castela.

Que será dun país que non coida do seu rural? Nin da súa xente nova? E pensou entón na súa neta Noa; como lle iría por aquelas terras lonxanas e tan diferentes desta que a vira nacer? A ratos, o sacho topaba con algunha pedra agachada entre a terra e Albert pensaba entón no seu son metálico ao bater cos croios. A industrialización e o avance a chocar coa tradición. E sentiu magoa. Pensou no moito que mudaran os tempos e tentou imaxinar se alguén recollería o seu

testemuño cando morrese. Dubidou de que aquela aldea poidera algún día volver ver correr cativos polos seus carreiros, rodas de muíño a moer, vacas a subir a costa para ir pastar aos campos de herba verde... Non podía imaxinar un futuro certo para o seu reduto. E iso, apenábao.

Asubiou ao fondo do val o tren de mediodía enchendo co seu son as montañas derredor. Ía calor e sentiu o cansanzo no seu corpo. Chamou polo can que andaba por alí e subiu a costa pedregosa que levaba até o alpendre da casa. Ulía a romeu. Sentou ao pé do arbusto un anaco, mentres sentía como o sol batía contra as súas pernas desprotexidas polos ramallos pequeneiros de máis para cubríreno por completo. O cadelo sentou ao seu pé e lameulle a cara xoguetón. Escoitou a Cobiza alá na leira a ornear. Cobiza, pensou, qué ollos expresivos tes e qué vella vas. E pensou que, aínda entre o cansanzo, se sentía ben. Fechou os ollos e sentiu unha lene brisa que remexeu as pólas das árbores. Respirou, e aínda puido percibir o arrecendo do romeu fresco.